

Sumario | nº50 – Outubro 2025

EDIUS **NOVAS**

**PEGUNTAS
FRECUENTES
(FAQ's)**



EDIUS **NOVAS**

**Mobilidade internacional.
Irse? Volver?**



EDIUS **NOVAS**

**Unha reflexión sobre
as condicións de traballo
na investigación**



EDIUS **NOVAS**

**O certame de divulgación
científica do Campus
de Lugo Divúlga chega
á súa décima edición**



EDIUS **NOVAS**

**EDIUS lanza o II Programa
de Mentoría**



EDIUS **NOVAS**

**Ilia Stepin gaña o premio EUSFLAT
á mellor tese europea, que reconece
por terceira vez un traballo
do CiTIUS**



EDIUS **NOVAS**

**425 novas matriculacións
na EDIUS no primeiro
período de admisión**



EDIUS **NOVAS**

**EMBRACE, o proxecto
para promover a saúde
mental do estudiantado**



EDIUS **NOVAS**

**Alexandre Sotelino Losada,
distinguido co XIV Premio
Alecrín de Investigación 2025**



EDIUS **NOVAS**

**Premios Enrique
Fuentes Quintana**



OPINIÓN

**M^aIsabel Neira Gómez, Secretaria
académica, e Carmela Martínez Vispo,
Responsable do Programa de Mentoría**



«Satisfeitos coa vida»



EDIUS **NOVAS**

**Workshop online
sobre as Synergy Grant**



EDIUS NOVAS

425 novas matriculacións na EDIUS no primeiro período de admisión

O pasado 7 de outubro finalizou o prazo para formalizar a matrícula na Escola de Doutoramento da USC no primeiro prazo. Un total de 425 persoas se matricularon na EDIUS neste primeiro período, un número similar a cursos anteriores. O 10 deste mes de outubro finalizará o prazo para que se matriculen as persoas que continúan con estes estudos e deste xeito poderemos saber a canto ascende o número de matriculacións totais.

Por áreas, e como xa vén sendo habitual, a de Ciencias da Saúde é a máis numerosa. E dentro desta área, o programa de doutoramento máis demandado foi o de Investigación Clínica en Medicina, seguido polo de Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos.

En canto a procedencia, dos 425 novos doutorandos e doutorandas, 117 son de outros países, na súa maioría de Portugal (22) e Ecuador (14).

Programa de Doutoramento	Nº plazas
Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento	2
Análise Económica e Estratexia Empresarial	9
Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses	4
Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria	4
Ciencia de Materiais	8
Ciencia e Tecnoloxía Química	12
Ciencias da Visión	2
Ciencias Odontolóxicas	5
Ciencias Sociais e Envellecemento	4
Comunicación e Información Contemporánea	9
Dereito	15

Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde	4
Desenvolvemento Rexional e Integración Económica	8
Didáctica das Ciencias Experimentais	2
Economía e Empresa	12
Educación	18
Endocrinoloxía	7
Energías Renovables e Sustentabilidade Enerxética	6
Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil	5
Enxeñaría Química e Ambiental	3
Epidemioloxía e Saúde Pública	7
Equidade e Innovación en Educación	8
Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe	11

Estudos da Literatura e a Cultura	15
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	10
Estudos Medievais	6
Filosofía	8
Física Nuclear e de Partículas	7
Historia Contemporánea	6
Historia, Xeografía e Historia da Arte	18
Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias	9
Investigación Agraria e Forestal	17
Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias	5
Investigación Clínica en Medicina	38
Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos	23
Investigación en Tecnoloxías da Información	19
Lingüística	9
Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas	14
Matemáticas	6
Matemáticas e Aplicacións	1
Medicina e Sanidade Veterinaria	6
Medicina Molecular	16
Medio Ambiente e Recursos Naturais	3
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	9
Procesos Psicológicos e Comportamento Social	1
Protección do Patrimonio Cultural	2
Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario	5

Relacións Laborais e Recursos Humanos	2
Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia	2
Total xeral	425

ADMISIÓNES PARA TITULADOS DE SISTEMAS EDUCATIVOS ALLEOS AO EEES

Oito persoas matricularonse na Escola de Doutoramento da USC a través da convocatoria de matrícula anticipada. Trátase dunha convocatoria dirixida a alumnado procedente de sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) que posúa un título homologado a un título universitario oficial español ou a outro expedido por unha institución de educación superior pertencente a outro estado membro do EEES ou un título declarado equivalente polo Ministerio de Educación, e que faculte en ambos casos para o acceso a estudos de doutoramento.

Admisións titulados EEES	Nº plazas
Ciencia de Materiais	1
Comunicación e Información Contemporánea	1
Dereito	1
Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe	2
Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos	1
Matemáticas	1
Turismo	1
Total xeral	8

EDIUS

Preguntas frecuentes (FAQ's)

Se comezas o teu doutoramento este curso, aquí tes unha listaxe das preguntas máis comúns coas súas respectivas respostas. Se tes algunha dúbida que non estea contemplada e resolta neste artigo, non dubides en contactar con nós a través do correo electrónico ou cunha chamada de teléfono. [Nesta ligazón](#) atoparás toda a información de contacto.

A ESCOLA DE DOUTORAMENTO

1 Que é a EDIUS?

Somos o centro que coordina as ensinanzas de doutoramento da USC, e rexémonos por un [Regulamento de Réxime Interno](#) e polo [Regulamento de Estudos de Doutoramento](#), ambas normas dispoñibles no [arquivo](#) da páxina web institucional.

2 Como me comunico con vós?

A [páxina web](#) e máis o [Boletín electrónico nEDIUS](#) son as dúas canles de información oficial para todo o relacionado cos teus estudos de doutoramento. Agora ben, para resolver consultas específicas, escribe aos enderezos seguintes, en función do tema das mesmas:

- Actividades formativas: edius.formacion@usc.es
- Sobre teses de doutoramento: edius.teses@usc.es
- Admisión, matrícula, baixas, prórrogas e permanencia...: doutoramento@usc.es
- Dúvidas sobre o Plan de investigación e informes anuais: edius@usc.es

Para todo o demais: edius@usc.es

3 – Onde atopo a documentación actualizada que preciso ao longo do meu doutoramento?

Toda a documentación administrativa e normativa oficial atópase no subapartado **Arquivo** da páxina Web, onde podes buscar por categorías ou empregando a caixa de busca xeral por palabras chave. No subapartado **Formularios e modelos** podes acceder a todos os formularios que precisas ao longo do teu traballo de doutoramento.

4 – Como notifico incidencias relacionadas cos meus estudos de doutoramento?

En primeiro lugar, contacta por correo electrónico co teu Programa de doutoramento. Se o que que queres é poñer unha reclamación, deberás dirixirte á **Oficina de Análise de Reclamacións (OAR)**. Finalmente, se queres presentar un recurso, tes que facelo por Sede electrónica.

5 – Como podo coñecer os dereitos e obrigas de todos os axentes implicados nos estudos de doutoramento?

No **Código de boas prácticas da EDIUS**, dispoñible no *Arquivo* da páxina web institucional, e no Compromiso Documental de Supervisión dispoñible na túa Secretaría Virtual.

NO MEU PRIMEIRO ANO DE DOUTORAMENTO

1 – Que é o Compromiso documental de supervisión (CDS)?

É o documento de obrigada sinatura que recolle os compromisos aos que se ateen as partes implicadas nunha tese de doutoramento: persoa doutoranda, director/a, tutor/a e coordinador/a do programa de doutoramento. Tes a información necesaria no subapartado Seguimento de doutorandos/as da páxina web.

2 Onde atopo a información para realizar os trámites do primeiro ano na vosa web?

Atoparás toda a información [nesta ligazón](#).

3 Cando teño que presentar o Plan de investigación?

Consulta o calendario anual de cada curso académico no subapartado [Calendario](#) da nosa web.

ACTIVIDADES FORMATIVAS

1 Que son?

A EDIUS oferta anualmente unha serie de actividades dirixidas a todas as persoas doutorandas matriculadas co obxecto de ofrecer formación nas competencias necesarias para a etapa da tese. Están organizadas en bloques temáticos e podes consultar a convocatoria do ano en curso na sección de [Formación](#) da páxina web.

2 Canto custan? Son obrigatorias?

Son totalmente gratuítas. Dependendo do programa no que esteas matriculado/a algunhas actividades terán carácter obrigatorio. Por outra banda, consulta co teu director/a cales son aquelas actividades formativas que desenvolven as competencias máis axeitadas para o teu perfil.

3 Como obteño o meu certificado?

Se superas a actividade, tanto na proba de avaliación como no seguimento (tarefas e asistencia do 80 %), recibirás por correo electrónico un certificado da actividade.

PREPARACIÓN E PRESENTACIÓN DA TESE

1 Onde atopo a información para realizar os trámites de presentación da tese na web?

Só tes que entrar no apartado [Solicitud de defensa](#) da web.

2 Cal é a data límite para realizar o trámite de presentación da tese?

É a que aparece na túa secretaría virtual como *Data fin prevista*, aínda que dito día sexa festivo ou período non lectivo. O trámite iníciase pola túa secretaria virtual.

3 Teño que renovar a matrícula para poder presentar a tese?

Só se inicias o trámite de presentación da tese con posterioridade ao 31 de agosto.

4 Se non coincide o título da tese co do Plan de investigación, como podo cambialo?

Antes de iniciar o trámite de presentación da túa tese, accede á Secretaría Virtual e dende alí realiza unha modificación do teu Plan de Investigación para consignar o novo título. Esta modificación deberá ser aprobada pola CAPD.

Recorda: O idioma do Plan de investigación ten que coincidir co idioma no que redactes a tese.

5 Debo incluír sempre un resumo en galego no exemplar da tese?

Cando a tese estea redactada noutro idioma diferente do galego ou castelán deberás incluír un resumo en galego dunha extensión non inferior a 3.000 palabras.

6

Onde atopo a información sobre as modalidades de presentación da tese?

Na nosa web podes atopar toda esta información no apartado [Tipos de tese](#).

7

Que documentación preciso entregar para presentar a miña tese?

Toda a que consta no [checklist](#). Podes atopar os formularios e modelos requiridos na nosa web no apartado [Formularios e modelos](#).

8

En que momento entrego o exemplar electrónico da miña tese?

No momento de realizar a solicitude de autorización de defensa da tese debes achegar a versión electrónica da túa tese nun PDF sen sinaturas e desprotexido. No caso de teses baixo o procedemento de protección de dereitos, terás que presentar dous PDF, a versión completa na EDIUS e a reducida no trámite de solicitude de autorización de defensa. Tes información sobre isto no subapartado [Tipos de tese](#).

DEPÓSITO E AUTORIZACIÓN PARA A DEFENSA DA TESE

1

Como teño coñecemento do inicio do período de exposición pública da miña tese?

Por un correo electrónico que che remitiremos desde a EDIUS. Esta data de inicio do depósito ven marcada pola data na que a CAPD nos remite o seu informe á EDIUS.

2

En que reunión da Comisión Executiva será tratada a miña tese?

As teses serán tratadas na primeira reunión da Comisión Executiva da EDIUS logo do fin do período de exposición pública (10 días). Se coincide o último día da exposición pública coa data na que se celebra unha reunión desta Comisión, a tese será tratada na seguinte reunión.

3

Poden solicitarme desde a Escola que presente un novo PDF con modificacións?

Despois da reunión da Comisión, se así o acorda, recibirás un correo electrónico onde che solicitan que remitas de novo o PDF coas modificacións indicadas ou que aclares algún dato do contido da tese.

A non ser que así se indique explicitamente no correo, o novo documento non ten que ser tratado nunha nova reunión senón que será revisado polos membros da Comisión para comprobar que efectivamente se realizou a modificación solicitada.

4

Como me notifican se a miña tese está autorizada pola Comisión Executiva da EDIUS?

Recibirás un correo electrónico onde se che comunicará dita autorización. Ademais, infórma-seche dos pasos a seguir, pago de taxas e ficha Teseo.

5

Que modalidades de defensa pública son admisibles na USC?

Na USC poden realizarse defensas tanto presenciais como por medios telemáticos (semi-presenciais ou totalmente virtuais). Estes son as diferentes modalidades de defensa.

6

Teño que depositar a tese na USC se por cotutela a vou defender noutra Universidade?

Si. Tras a defensa na outra Univerisdade debes enviar a tese á Escola xunto con toda a documentación do acto de defensa para que poida ser avaliada e teñas o recoñecemento do título de doutora ou doutor pola USC.

A DEFENSA DA TESE

1 Canto durará a exposición da miña tese no acto de defensa?

Non hai unha duración estipulada para a intervención. Adóitanse conceder 50 minutos ou unha hora. Non obstante, é o presidente do tribunal quen indicará a duración da túa exposición no propio acto de defensa.

2 Como sei a miña cualificación?

O Servizo de Xestión Académica comunicaráche por correo a nota e, unha vez recibida esa comunicación, deberás realizar o depósito do título e pagar as taxas pertinentes.

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

1 Como sei se teño que presentar documentación por sede electrónica?

Na nosa páxina web tes información sobre que procedementos esixen a presentación por sede electrónica e, de ser o caso, unha ligazón ao formulario creado pola escola para un procedemento concreto (solicitudes premios extraordinarios de doutoramento...) e sobre os procedementos que tramitas pola túa secretaria virtual (SV).

2 Podo presentar por sede electrónica ou pola miña SV en calquera momento?

Na web tes información sobre que procedementos esixen a presentación por sede electrónica e, de ser o caso, unha ligazón ao formulario creado pola escola para un procedemento concreto (presentación da tese, solicitudes premios extraordinarios de doutoramento...). A sede electrónica funciona as 24 horas do día e os 365 días do ano. Por exemplo, se o prazo para iniciar o trámite de presentación da tese finaliza un domingo, ese día será o último día para facelo. Na escola tramitaremos a túa solicitude o luns.

3 — Que fago se teño algún problema ao presentar unha solicitude por sede o pola miña SV?

Nese caso terás que enviar un correo aos servizos informáticos da USC (cau@usc.es) indicando que problema tes. É recomendable que envíes capturas de pantalla para proporcionar máis información.

Desde a EDIUS recomendámosche que nos poñas en copia nese correo para que teñamos coñecemento da incidencia, sobre todo en caso de que finalice un prazo.

4 — Podo realizar trámites na Sede electrónica calquera día?

Si, pero os trámites realizados en día inhábil (consultar [aquí](#)) na Sede Electrónica contarán como realizados no seguinte día hábil.

5 — Que normativa rexe o cómputo de prazos por Sede electrónica en calquera trámite administrativo da Escola?

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do **Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas** no seu artigo 31.2 indica o seguinte respecto ao cómputo de prazos nos rexistros: “2. *El registro electrónico de cada Administración u Organismo se regirá a efectos de cómputo de los plazos, por la fecha y hora oficial de la sede electrónica de acceso, que deberá contar con las medidas de seguridad necesarias para garantizar su integridad y figurar de modo accesible y visible*”. Por todo isto, a franxa horaria a efectos de cómputo de prazos para presentar perante a Universidade de Santiago de Compostela é a hora peninsular.

Ademais, na Resolución do 3 de agosto de 2021 pola que se ordena a publicación no Diario Oficial de Galicia do **Regulamento de transformación dixital, administración electrónica e desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación da Universidade de Santiago de Compostela** indícase o seguinte no artigo 17.1: “1. *O Rexistro electrónico da USC permitirá a presentación de escritos, solicitudes e comunicacións todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día, tendo en conta que determinados formularios só estarán dispoñibles nos prazos indicados na convocatoria correspondente*”.

EDIUS

NOVAS

O certame de divulgación científica do Campus de Lugo DivúlgaT chega á súa décima edición

A Asociación de Investigadores **AgroMar** lanza a décima edición do DivúlgaT, un foro que se desenvolverá no Vello Cárcere lucense durante os días 22 e 30 de outubro, a partir das 19:30 horas, para dar visibilidade social ao traballo desenvolvido polo persoal investigador do Campus de Lugo, e potenciar o galego como lingua de comunicación e de divulgación científica.

A iniciativa está aberta a calquera persoa con actividade investigadora no Campus de Lugo que queira presentar nun prazo máximo de 10 minutos algún aspecto do seu traballo de investigación persoal, as liñas de traballo do seu grupo, ou algún aspecto da súa área de coñecemento que considere que ten interese e utilidade para o público en xeral. O periodo de inscrición pechou o 1 de outubro.

Igual ca en anos anteriores, as persoas inscritas poderán asistir gratuitamente a un obradoiro de divulgación científica, impartido por Andrea Muras, finalista da edición 2019 do concurso FameLab España e autora do libro *La guerra contra las superbacterias*.



PETISCOS DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA



Organización DivúlgaT

ENTREVISTA

Falamos coa organización do evento para que nos contase a evolución do mesmo na última década e os retos de cara ao futuro.

«O galego é unha lingua plenamente válida para transmitir ciencia»

Por que foi necesario poñer en marcha este certame hai xa unha década?

Cando se lanzou DivúlgaT hai dez anos, fíxose partindo da idea de achegar á sociedade o traballo científico que se fai no Campus Terra, de facer visible a investigación, non só entre o colectivo universitario senón tamén entre o público xeral. Tamén se buscaba fomentar as vocacións científicas entre estudantes, mellorar as competencias de comunicación dos investigadores e reforzar o compromiso da universidade coa divulgación. Era unha maneira de darlle valor á investigación máis alá das publicacións académicas, converténdoa en algo máis accesible. No noso caso, como parte da directiva actual de AgroMar, que asumimos hai menos dun ano, sentimos unha responsabilidade especial por manter vivo este espírito inicial e seguir fortalecendo o certame. Para nós é importante recoñecer o traballo de quen o puxo en marcha e, ao mesmo tempo, aportar novas ideas para que continúe sendo un espazo de encontro entre ciencia e sociedade.

Mudaron as cousas desde entón? Como foi a evolución do certame nestes dez anos?

O certame foi medrando en formato, en contido e en impacto. Pasou por distintos espazos: comezou na Escola Politécnica, celebrouse tamén no Auditorio da Casa do Saber e, dende hai varias edicións, ten lugar no Vello Cárcere de Lugo, un lugar emblemático que reforza a conexión coa cidade. Ademais, incorporouse formación específica en divulgación: desde hai anos, quen se inscribe pode participar gratuitamente nun obradoiro impartido por Andrea Muras, finalista de FameLab España e autora do libro *La guerra contra las superbacterias*. Esta formación, que non existía ao inicio, foi clave para axudar aos participantes a transformar o discurso técnico nunha mensaxe divulgativa capaz de chegar a públicos diversos.

Ten agora máis visibilidade o traballo desenvolvido polas investigadoras e investigadores do Campus Terra?

Gústanos pensar que si. O DivúlgaT axudou a abrir portas e a dar a coñecer mellor o que se investiga no Campus Terra. Non se trata só de dar cifras ou de falar de proxectos, senón de amosar que detrás de cada investigación hai persoas comprometidas e temas que teñen impacto directo na vida cotiá.



Jacobo Álvarez, actual presidente de AgroMar, na pasada edición do DivúlgaT

Cales son os principais retos do DivúlgaT de cara ás vindeiras edicións?

Algúns retos poderían ser: seguir ampliando o público, chegar non só a quen xa está interesado en ciencia senón tamén a persoas alleas ao ámbito universitario e reforzar a interdisciplinariedade, integrando ciencias experimentais, humanidades e artes.

Como describiriades a situación da lingua galega na investigación?

O galego está presente en determinados ámbitos de comunicación e divulgación, pero aínda non conseguiu incorporarse de maneira plena en moitos espazos científicos, e segue a ser minoritario na publicación nacional e internacional. O DivúlgaT amosa que é unha lingua plenamente válida para transmitir ciencia e tamén unha proba de que a investigación pode xogar un papel clave na súa normalización.

Que se pode facer desde a institución universitaria para que mellore?

A universidade ten un papel fundamental. Pode apoiar o uso do galego recoñecendo o seu valor tamén nos méritos académicos e nas carreiras investigadoras. Cómpre ofrecer máis formación en comunicación científica na nosa lingua, contar con recursos terminolóxicos actualizados e crear incentivos que animen ao persoal investigador a divulgar en galego. Ademais, resulta esencial tecer alianzas con medios de comunicación, asociacións e institucións que contribúan a ampliar a súa presenza.

Un desexo para este X DivúlgaT...

Que sexa unha experiencia enriquecedora para quen participa e para quen asiste, e que, sobre todo, axude a sementar máis vocacións científicas e máis compromiso co uso do galego na investigación.

OPINIÓN

Satisfeitos coa vida

O concepto de *well-being* (benestar) integra distintas dimensións da experiencia humana. Por un lado, o benestar identifícase no utilitarismo co pracer (*well-feeling*), que á vez é reducido na corrente económica convencional a ter unha posición acomodada financeira ou material (*being well off, well-having or having much*), mentres que na tradición aristotélica o benestar identifícase con vivir unha vida boa (*well-living*), con aspectos relacionados co pensar ou o facer (*well-thinking, well-doing*). É un termo complexo no que acostumamos distinguir ademais un benestar hedónico, máis comunmente asociado coa “felicidade inmediata”, fronte á “satisfacción coa vida”, unha visión máis eudamónica ou de reflexión a longo prazo.

Son moitos os factores que inflúen no benestar, e se ben existen moitos que contribúen a unha inmediata felicidade, buscar o segundo, a satisfacción coa vida, é un proceso en continua construción. Hábitos de vida saudables, percibir unha boa saúde, dispoñer de recursos económicos similares os dos nosos *peers* e desfrutar de boas condicións de capital social contribúen de modo efectivo ao benestar. Nos contextos educativos, converteuse nun elemento relevante, debido á súa asociación co éxito profesional, persoal e interpersoal (Byrom et al., 2020). Os estudos de doutoramento constitúen unha etapa de formación académica especialmente relevante neste contexto, xa que as súas condicións (nivel de esixencia, dedicación, incerteza) poden impactar no benestar destes (Martínez-García et al., 2024). Diversas investigacións mostran que os estudantes de doutoramento experimentan maiores niveis de estrés, síntomas depresivos e problemas de ansiedade que a poboación xeral (Satinsky et al., 2021), ademais de reportar dificultades para manter relacións



**María Isabel
Neira Gómez**

Secretaria
Académica

**Carmela
Martínez Vispo**

Responsable do
Programa de Mentoría

(Dabney & Tai, 2013) e participar en actividades sociais (Juniper et al., 2012), debido á falta de tempo, recursos económicos e motivación. Estes factores poden, en última instancia, ter un efecto negativo na súa vida académica, interferindo na finalización dos seus estudos (Hurtado et al., 2024).

Analizando diferentes factores que poden contribuír ao benestar, desde a EDIUS e a USC queremos abordar de forma integral todas as dimensións que contribúen a mellorar o benestar dos nosos estudantes de doutoramento. Por iso, ademais da Unidade de Atención Psicolóxica que nos pode orientar unha vez que detectamos problemas, o noso obxectivo é previlos e acompañar aos estudantes para que non se encontren sós neste camiño, longo e con enorme presión e incerteza, elementos que é preciso xestionar. Para iso, deseñamos un programa de acompañamento que se inicia co programa de mentoría e cos cursos de xestión do tempo e o estrés.

[↩ Ir ao sumario](#)

Este curso académico daremos un paso máis co deseño de materiais de axuda para poder chegar a un maior número de persoas, tratando de crear hábitos de vida saudables e fomentando as relacións interpersoais, elemento clave en todas as etapas da vida, pero especialmente relevante na etapa de doutoramento.

Para iso, ademais de animar a todos os nosos doutorandos/as a visitar a web e estar ao tanto neste boletín das novidades que iremos anunciando, queremos contribuír a esa necesaria “socialización”, xerando talleres e cursos en diferentes habilidades nas que ademais de aprender, por exemplo, como pode contribuír a súa tese á sociedade, poderán coñecer a outros estudantes de diferentes áreas e descubrir un mundo novo fóra do círculo de confort ou “desconfort” no que cada un de nós como seres humanos acabamos enredados.



EDIUS **NOVAS**

EDIUS lanza o II Programa de Mentoría dirixido ao estudiantado de doutoramento na USC

Dende a EDIUS lanzamos a II edición do Programa de Mentoría, dirixido aos estudantes dos distintos programas de doutoramento que forman parte da mesma

CAL É O OBXECTIVO DESTE PROGRAMA?

Contribuír ao desenvolvemento exitoso da etapa predoutoral dos e das estudantes dos diferentes Programas de Doutoramento que forman parte da EDIUS. Máis concretamente, os obxectivos específicos deste programa son:

- Facilitar o contacto e a interacción do estudiantado de doutoramento con persoas co grao de doutor e con experiencia profesional no ámbito da investigación e a docencia ou fóra do ámbito académico.
- Apoiar ás persoas que están comezando a súa carreira investigadora na toma de decisións que afectarán ao desenvolvemento da mesma.
- Aportar un punto de vista externo que axude aos/as estudantes no seu desenvolvemento con coñecementos e habilidades baseadas na experiencia e que os guíe durante a etapa do doutoramento.

QUEN PODE PARTICIPAR NO PROGRAMA?

Poderán participar neste programa os/as estudantes matriculados a tempo completo no 1º ou 2º ano dun programa de doutoramento da EDIUS (prazas limitadas en función de dispoñibilidade de persoas mentoras).

En canto ás persoas mentoras, poderán participar todas aquelas que posúan o grao de doutor e con experiencia profesional no ámbito da investigación e a docencia (PDI ou investigadores pos-doutorais) ou fóra do ámbito académico.

Ademais, será imprescindible completar unha sesión de formación sobre iniciación e fundamentos do Programa de Mentoría no mes de outubro que se realizará a través de Microsoft Teams. Dita formación consistirá nunha sesión para os mentores e unha sesión para os/as estudantes mentorizados onde se explicarán os principios básicos para un desenvolvemento axeitado do programa.



Para participar no Programa será necesario que as persoas interesadas cumprimenten a solicitude de declaración de interese ata o 15 de outubro (incluído) como data límite.

QUE ENTENDEMOS POLA FIGURA DO MENTO E QUE SE ESPERA DELA?

Trátase dunha persoa con experiencia que axuda a moldear as crenzas e valores doutra persoa con menos experiencia de forma positiva para contribuír ao seu autoconhecimento e desenvolvemento persoal. Polo tanto, a persoa mentora non ten por que pertencer á mesma profesión que o estudante nin ao mesmo campo de coñecemento.

A mentoría é o proceso polo cal un mentor anima á persoa mentorizada a reflexionar sobre os retos da súa vida, xa sexan profesionais ou persoais. Esta interacción permite á persoa mentorizada atopar solucións ás súas preocupacións e, o máis importante, facer que se produzan cambios que permitan o seu progreso profesional e persoal.

O obxectivo final da relación mentor/a-mentorizado/a é que a persoa mentora externa sirva de elemento facilitador do proceso de doutoramento aos/as estudantes inmersos en ditos estudos. A intención non é que sexa un activo científico, xa que iso é responsabilidade das persoas supervisoras e directoras da tese de doutoramento, senón que a persoa mentora, de modo independente, contribúa a que o/a estudante consiga planificar a súa carreira investigadora/profesional, aclare cuestións científicas transversais (ex. introdución a cuestións como a ética na investigación, ciencia aberta, etc.) ou asesore en cuestións relacionadas co benestar persoal, o equilibrio entre vida laboral e persoal/familiar e as relacións interpersoais. Neste senso, as persoas mentoras desempeñan un papel complementario ao das persoas supervisoras/directoras da tese.

QUE BENEFICIOS PROPORCIONA PARTICIPAR NO PROGRAMA DE MENTORÍA?

Este programa pretende que tanto mentores como estudantes mentorizados se beneficien do proceso. Por unha banda, as persoas mentoras poden contribuír ao desenvolvemento da carreira académica e/ou investigadora doutra persoa compartindo os seus coñecementos e experiencias, o cal pode incrementar a súa sensación de logro persoal e satisfacción profesional. Ademais, este proceso pode contribuír a seguir desenvolvendo as súas habilidades técnicas e interpersoais. Por outra banda, os/as estudantes mentorizados recibirán unha orientación personalizada

[!\[\]\(6a9b39b98eb945faa14c645ec99e4eaa_img.jpg\) Ir ao sumario](#)



baseada na experiencia profesional e os coñecementos das persoas mentoras, pois estas poden compartir leccións importantes aprendidas en momentos clave da súa carreira profesional/académica ou as cousas que desexarían saber antes de alcanzar fitos importantes na mesma. Ademais, participar nun programa deste tipo pode aumentar a motivación e servir de inspiración durante esta etapa predoutoral.

COMO SE ORGANIZA O PROGRAMA DE MENTORÍA?

A inscrición no Programa de Mentoría desenvolverase neste mes de outubro. Despois, realizarase a selección dos participantes e os emparellamentos mentor-estudante.

Previo ao inicio, organizaranse dúas sesións formativas (unha para mentores e outra para os/as estudantes mentorizados). Nestas sesións explicarase máis en profundidade o programa, os seus obxectivos, os recursos dispoñibles e se resolverán dúbidas.

O inicio do proceso de mentorización está previsto que se desenvolva entre novembro de 2025 e maio de 2026 (ambos os dous incluídos). Durante estes sete meses recoméndase organizar unha sesión de mentoría cada 20-30 días. Nas sesións formativas previas explicaranse os aspectos básicos para o desenvolvemento de ditas sesións e que o Programa de Mentoría logre os seus obxectivos.

*Os/as **estudantes de doutoramento** interesados en participar no Programa deberán cumprimentar o **[seguinte Formulario](#)**.

*O **persoal investigador / PDI** da USC ou profesionais co grao de doutor interesados en participar no Programa de Mentoría como mentores deberán cumprimentar o **[seguinte Formulario](#)**:



EDIUS **NOVAS**

Ilia Stepin gaña o premio EUSFLAT á mellor tese europea, que reconece por terceira vez un traballo do CiTIUS

O investigador Ilia Stepin foi distinguido co premio á mellor tese doutoral de 2023 pola Sociedade Europea de Lóxica e Tecnoloxía Difusa (**EUSFLAT**) en recoñecemento ao traballo desenvolvido na súa tese, realizada integralmente no Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da USC (CiTIUS). Con esta distinción son xa tres as teses do CiTIUS recoñecidas con este premio na última década: Alejandro Ramos (2016), e Andrea Cascallar (2022), primeira muller en obter este galardón en Europa.

A tese de Ilia Stepin aborda unha das preguntas máis importantes da actual IA: como podemos confiar nun sistema automatizado se non entendemos de que xeito tomou unha decisión? A súa proposta consiste no desenvolvemento de axentes conversacionais argumentativos, capaces de explicar de forma clara e razoada por que se produciu unha determinada resposta, e que tería que cambiar nos datos para que o resultado fose outro.

Este tipo de explicacións, coñecidas como fácticas e contrafácticas, permiten ao usuario explorar o razoamento do sistema e comprender a súa lóxica interna, incluso sen coñecementos técnicos. “A novidade do enfoque”, comenta o investigador premiado, “radica en que o sistema adapta as explicacións ao perfil do usuario”. “Valéndose de modelos lingüísticos e principios da teoría da argumentación, é capaz



de mellorar a comunicación entre o sistema de IA e a persoa”, explica.

O traballo, titulado *Axentes conversacionais argumentativos para unha intelixencia artificial explicable*, foi defendido o 22 de setembro de 2023, baixo a dirección dos investigadores do centro José María Alonso e Alejandro Catalá.

CIENCIA ABERTA E PROXECCIÓN INTERNACIONAL

Os avances da tese tiveron un alto impacto na comunidade científica. As súas publicacións foron citadas máis de 200 veces en Web of Science, preto de 300 en Scopus e máis de 500 en Google Scholar. Esta repercusión, a calidade do traballo e o seu enfoque innovador, reveláronse como factores clave para a concesión do premio EUSFLAT, un galardón que se outorga dende 2010, seleccionando cada ano a mellor tese doutoral en lóxica difusa e tecnoloxías afíns entre as defendidas en toda Europa. O premio reconece a excelencia científica, o valor aplicado dos resultados e a proxección futura do traballo galardoado.

[Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Alexandre Sotelino Losada, distinguido co XIV Premio Alecrín de Investigación 2025



O profesor do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC e membro do Grupo de Investigación ESCULCA, Alexandre Sotelino Losada, recibiu o XIV Premio Alecrín na categoría de Investigación que concede a Federación de Entidades Galegas en Cataluña (FEGALCAT), co apoio da Xunta de Galicia. O galardón reconece a súa traxectoria académica e cultural no ámbito da educación intercultural, a migración e a identidade cultural.

O xurado destacou a súa ampla contribución á investigación sobre diversidade cultural e xustiza social, especialmente a través da súa docencia na materia Pedagogía Intercultural, e a súa participación no GI-ESULCA, grupo que ten como un dos seus eixes fundamentais a análise crítica da educación en contextos culturais diversos. A súa obra científica inclúe estudos sobre o retorno migratorio, a memoria histórica da emigración galega, a relación entre cultura e

pertenza e o papel da diáspora na conformación da identidade galega contemporánea.

Sotelino ten tamén unha intensa actividade divulgadora reflectida en numerosas publicacións, conferencias e colaboracións institucionais tanto dentro como fóra do ámbito universitario. A súa capacidade para achegar á sociedade os resultados da investigación educativa foi un dos aspectos máis valorados polo xurado do Premio Alecrín.

A traxectoria académica e investigadora do profesor Sotelino foi xa recoñecida en 2021 co Premio Educa ao Mellor Docente Universitario de España e en 2023 co Premio Alfredo Iglesias polo seu compromiso coa xustiza global e coa educación transformadora. A súa visión integradora entre investigación, acción educativa e compromiso social constitúe unha achega singular que recolle o sentido deste galardón.

[↩ Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA

Alexandre Sotelino Losada, *Premio Alecrín de Investigación 2025*



**Alexandre Sotelino
Losada**

«Na universidade non hai éxitos individuais, senón logros compartidos»

Que supón para vostede recibir este recoñecemento?

Recibir o Premio Alecrín de Investigación é, ante todo, unha honra e unha enorme alegría. É un recoñecemento que entendo de maneira colectiva, porque na universidade non hai éxitos individuais, senón logros compartidos. Este premio é tamén para o grupo de investigación ESCULCA, onde tiven a sorte de medrar como investigador e de construír, da man de compañeiras e compañeiros excepcionais, unha liña de traballo comprometida coa transformación social. Supón un aliciente para seguir aprofundando en proxectos que, malia seren ás veces incómodos ou periféricos no ámbito académico, considero imprescindibles para construír unha universidade pública ao servizo da xustiza social.

Educación intercultural, identidade cultural e xustiza social. Cando decide centrar a súa actividade investigadora neste eido?

O meu compromiso con estes temas naceu moito antes da etapa investigadora, nunha traxectoria vital marcada polo contacto coas realidades migratorias e coa diversidade cultural, tanto en contextos locais como internacionais. Xa na etapa de formación académica fun tomando conciencia da necesidade de achegar á educación unha ollada crítica, que non só recoñeza as desigualdades senón que axude a transformalas. Dende entón, estes eidos convertéronse no eixo central da miña docencia, da miña investigación e tamén do meu activismo.

A memoria histórica da emigración galega é outro dos temas que aborda como investigador. De onde lle vén este interese?

O interese pola emigración galega nace da memoria familiar e comunitaria. Medrei escoitando historias de ida e volta, relatos de loita, de pertenza e de ausencia. Ao mesmo tempo, tomei conciencia de que a historia da emigración forma parte do que somos como pobo e segue a estar presente, dalgún modo, nas nosas prácticas sociais e culturais. Incorporala á investigación supón dar voz a esas experiencias e comprender mellor a construción da identidade galega dende unha perspectiva transnacional e diaspórica.

Que papel xogou a diáspora na conformación da identidade galega contemporánea?

O interese pola emigración galega nace da memoria familiar e comunitaria. Medrei escoitando historias de ida e volta, relatos de loita, de pertenza e de ausencia. Ao mesmo tempo, tomei conciencia de que a historia da emigración forma parte do que somos como pobo e segue a estar presente, dalgún modo, nas nosas prácticas sociais e culturais. Incorporala á investigación supón dar voz a esas experiencias e comprender mellor a construción da identidade galega dende unha perspectiva transnacional e diaspórica.

Que papel xogou a diáspora na conformación da identidade galega contemporánea?

A diáspora galega non foi só un fenómeno económico ou demográfico: foi un movemento humano profundo que moldeou o xeito en que nos vemos e nos nomeamos como galegas e galegos. A través das sociedades galegas no exterior, das publicacións, da creación cultural e das redes de solidariedade, a emigración contribuíu a consolidar unha identidade colectiva que transcende o territorio físico de Galicia. Sen a diáspora, non poderíamos entender nin a cultura galega actual nin moitas das loitas sociais e políticas do século XX.

A quen agradece este premio?

Este recoñecemento débollo a moitas persoas e espazos que foron sostén, inspiración e impulso ao longo do tempo. Agradezo, especialmente, ás asociacións coas que fun medrando dende o ámbito comunitario e intercultural, e nas que sigo implicado, por ensinarme que o compromiso social se constrúe dende abaixo, con vínculos reais e compartidos. Á miña familia, por ser sempre refuxio, apoio e lugar de encontro para o diálogo e o coidado. Ao grupo ESCULCA, por ofrecerme un espazo de traballo crítico, rigoroso e comprometido, no que aprender a investigar doutro xeito. E ás amizades, tan diversas como necesarias, que coa súa pluralidade intelectual e ideolóxica me axudan a seguir medrando desde o contraste de ideas, a escoita e a argumentación honesta.

EDIUS NOVAS

A investigadora María Vivero-López, recoñecida pola sociedade científica máis relevante do mundo en liberación de fármacos e nanomedicina

A **Controlled Release Society** (CRS), a sociedade científica máis relevante do mundo no ámbito dos sistemas de liberación de fármacos e a nanomedicina, concedeulle o seu premio Membro do Ano á investigadora do iMATUS da USC María Vivero-Lopez en recoñecemento á súa “destacada implicación activa e continuada en la CRS, así como o seu compromiso coa promoción da equidade, diversidade e inclusión na comunidade científica”.

María Vivero-López defendeu a súa tese doutoral en 2022 no grupo I+D Farma da USC. O compromiso cos valores de equidade, diversidade e inclusión que a CRS lle recoñece ten a súa base na convicción da investigadora de que “a ciencia progresa cando todas as voces son escoitadas e valoradas, sen que as limitacións económicas ou sociais supoñan unha barreira”. Neste senso, María traballou para crear espazos inclusivos que facilitan o acceso ao coñecemento e a redes profesionais, especialmente para persoal investigador novo e grupos infrarrepresentados.

Persoal experto de todo o mundo darase cita en Santiago no *Workshop* de Biofabricación Aditiva 2026

Persoal investigador de todo o mundo reunirse os días 23 e 24 de xaneiro en Santiago con motivo do **II Workshop de Biofabricación Aditiva**. A biofabricación é un campo interdisciplinar que combina principios da bioloxía, a enxeñaría e a tecnoloxía para crear tecidos, órganos e estruturas biolóxicas utilizando células vivas e materiais biocompatibles, mediante técnicas como a bioimpresión 3D. Este proceso permite fabricar pezas vivas capa por capa, replicando a arquitectura e función de tecidos e órganos humanos, o que abre posibilidades revolucionarias en medicina rexenerativa e transplantes.

A desenvolver na Facultade de Bioloxía da USC, o evento conta co apoio do proxecto europeo IBEROS+ coordinado pola Universidade de Vigo, que xunta os esforzos de máis de 150 especialistas da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal no campo da biofabricación para o envellecemento saudable.

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Premios Enrique Fuentes Quintana

Funcas, un centro de análise dedicado á investigación económica e social e á súa divulgación, convoca os Premios Enrique Fuentes Quintana, uns premios que teñen como obxectivo recoñecer o traballo doutoral excelente e rigoroso.

Poderán optar a este premio as teses que obtiveran a mención *cum laude* nos ámbitos de:

- Economía, Finanzas e Empresa
- Ciencias Políticas, Socioloxía e Comunicación
- Ciencias da Saúde e da Vida
- Humanidades
- Enxeñaría, Matemáticas, Física, Química e Arquitectura

Sobre as persoas ás que vai dirixida esta convocatoria, poderán optar ao premio os doutores e doutoras españois, independentemente do país no que leran as súas teses, e os doutores/as estranxeiros/as que presentaran as súas teses en institucións docentes ou de investigación españolas.

Un dos requisitos é que a tese fose lida entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025. Ademais, deberán as teses presentarse en castelán ou en inglés.

O prazo de presentación de candidaturas permanecerá aberto até o 17 de novembro de 2025, ás 23:59 horas. O premio consistirá na entrega dun diploma e 6.000 euros brutos.

Máis información [na seguinte ligazón](#).

[↩ Ir ao sumario](#)

O catedrático emérito José Manuel Touriñán López ingresa na Academia Hispanoamericana de Doutores



A Academia Hispanoamericana de Doutores nomeou membro de número a José Manuel Touriñán López, catedrático emérito de Pedagogía da USC. Doutor en Filosofía e Letras pola Universidade Complutense de Madrid, ao longo da súa carreira publicou máis de 300 estudos en forma de artigos e capítulos en libros especializados, así como máis de 50 libros como único autor e unha ducia de traballos en coautoría. A súa obra foi lida e citada en 34 países, consolidando a súa influencia internacional nos estudos de educación, intervención pedagóxica e teoría pedagóxica.

O seu impacto na comunidade académica reflíctese en cifras que o sitúan entre as figuras máis destacadas do campo: o seu índice h en Google Scholar é de 47. No sistema español IN-RECS, está entre os 10 autores máis citados no campo da Educación, e é o profesor de referencia no campo da Teoría e Historia da Educación segundo indicadores de impacto. Como investigador principal, dirixiu 22 proxectos de investigación financiados a nivel rexional, nacional e internacional, e participou en 17 contratos con empresas e entidades públicas.

EMBRACE, o proxecto Erasmus para promover a saúde mental do estudantado

A alianza EUniWell resultou seleccionada na convocatoria Erasmus+ KA220-HED (Cooperation Partnerships in Higher Education), un prestixioso programa europeo que financia proxectos de cooperación innovadores en educación superior. Grazas a esta concesión, a partir de decembro de 2025 porase en marcha o proxecto “Enhancing Mental Balance and a Resilient Academic Community Ecosystem” (EMBRACE), unha iniciativa destinada a promover a saúde mental e o benestar nas universidades, dirixida non só a estudantes de grao, senón tamén a estudantes de doutoramento e postgraduados. Trátase da primeira vez que se realiza unha actividade do programa Erasmus centrada na súa totalidade no benestar do estudantado, incluído o de doutoramento. EMBRACE conta co financiamento da Unión Europea para múltiples actividades, tanto online como presenciais. O obxectivo desta iniciativa é dar resposta a unha demanda moi concreta: apoiar ao estudantado en aspectos que van máis alá do ámbito académico.

O proxecto reúne a 9 universidades europeas que traballarán xuntas para crear recursos en aberto, formación e accións de apoio inclusivas, co obxectivo de transformar os campus en comunidades máis resilientes, saudables e sostíbeis.

EMBRACE busca fomentar a alfabetización en saúde mental e benestar en toda a comunidade universitaria, promovendo unha linguaxe común que permita recoñecer e abordar os problemas relacionados co benestar desde unha perspectiva inclusiva e sen estigma. Para iso, poranse en marcha semanas temáticas sobre saúde mental e benestar, unha serie de podcasts en aberto sobre diversas temáticas, módulos de formación para estudantes e profesorado, así como programas de mentoría específicos para estudantes de doutoramento e novos investigadores, que a miúdo se enfrontan a situacións de gran presión académica e profesional. Ademais destas accións formativas e de sensibilización, o proxecto analizará os factores que inflúen na busca de axuda psicolóxica, coa fin de mellorar os servizos de apoio e adaptalos ás necesidades reais de quen os utiliza.



European University for Well-Being

O proxecto está coordinado pola Universidade de Nantes (Francia) e levarase a cabo en colaboración con seis universidades (Universidade de Murcia; Universidade de Linnaeus; Universidade de Santiago de Compostela; Universidade de Konstanz; Universidade de Cologne e Universidade de Florence), de cinco estados membros da UE (Alemaña, España, Francia, Italia e Suecia), xunto coa universidade de Ucraína (Universidade Nacional Taras Shevchenko de Kiev).

Programa intensivo para construír itinerarios de doutoramento resilientes

Outra das actividades que a USC organizará este curso relacionada co benestar é un programa intensivo combinado de cinco días de duración. No mes de xaneiro desenvolverase o 'BIP - Career Development Support for PhD Students in a Well-Being Environment'. Trátase dun programa de formación doutoral, que se desenvolverá en Santiago entre o 19 e o 23 de

xaneiro, que busca apoiar o desenvolvemento profesional do estudiantado de doutoramento dentro dun marco de benestar mediante o fortalecemento das habilidades transversais. A través dunha metodoloxía combinada de obradoiros prácticos, seminarios e visitas de investigación-industria, as persoas participantes desenvolverán e documentarán competencias como a xestión do tempo, a xestión de proxectos, a comunicación, a colaboración interpersoal, o pensamento crítico, a competencia dixital e a autoxestión profesional. O curso fomenta a exploración de oportunidades académicas e non académicas dentro e fóra da rede EUniWell, fomentando a alfabetización en mobilidade, a conciencia emprendedora, a resiliencia e as competencias transferibles aliñadas co mercado laboral europeo.

Na [seguinte ligazón](#) poderedes atopar información detallada co calendario de actividades dos cinco días, así como o proceso para solicitar o acceso a esta actividade.

EDIUS **NOVAS**

Mobilidade internacional. Irse? Volver?

A Academia Joven de España celebrará o vindeiro 15 de outubro unha reunión aberta na que académicas e académicos responderán ao persoal de investigación sobre todas aquelas dúbidas ou inquedanzas que xorden sobre a mobilidade internacional e a internacionalización

desde España. A sesión, que dará comezo ás 12 do mediodía, leva por título “Movilidad Internacional: ¿Irse?, ¿Volver?”.

O prazo permanecerá aberto até o venres 10 de outubro a través [desta ligazón](#).

Unha investigación sobre as sambesugas, Premio de Historia Agraria Ramón Garrabou

O profesor do Departamento de Economía Aplicada na Facultade de Administración e Dirección de Empresas no Campus Terra da USC, Damián Copena, foi galardoado no XVII Premio de Historia Agraria Ramón Garrabou. O acto de entrega do Premio terá lugar en Zaragoza en 2026, dentro do Congreso de Historia Agraria.

O xurado deste premio, convocado pola Sociedade de Estudios de Historia Agraria, outorgou un *accésit* á investigación realizada por Copena e por María Gómez-Martín, da Universidade de Oviedo, titulada “Spanish–French leech trade and its consequences: From the increase in medical demand to resource depletion and technical innovation”, que foi [publicada](#) na revista *Medical History* da editorial Cambridge University Press no ano 2024.

Este traballo analiza a historia económica do sector das sambesugas en España, centrando a atención nos procesos de recolección, regulación, ámbitos de demanda para uso médico, así como no estudo das relacións comerciais con Francia desde o século XIX até a década de 1860.



[↩](#) **Ir ao sumario**

EDIUS NOVAS

Unha reflexión sobre as condicións de traballo na investigación

A cuarta edición das Xornadas de Cultura Laboral na Investigación (J-CLI) celebrarase os días 22 e 23 de outubro no Centro de Estudos Avanzados da Universidade de Santiago de Compostela. O encontro, organizado conxuntamente pola Asemblea de Investigadoras de Compostela, Investigal e Marea Roja, co apoio da EDIUS, busca crear un espazo de encontro e reflexión colectiva arredor das condicións de traballo na investigación. Durante dous días desenvolveranse obradoiros, charlas e dinámicas participativas centradas en temas clave como os dereitos laborais, a igualdade no sistema científico, as formas de organización colectiva ou as estratexias para facer fronte á precariedade.

O principal obxectivo das xornadas J-CLI é formar un foro social crítico para dar a coñecer os aspectos laborais e os dereitos do sector de ciencia e investigación, así como favorecer a concienciación colectiva e ofrecer unha canle de difusión e interacción dos distintos colectivos, asociacións e plataformas que representan ao persoal da investigación. Ao longo de diversos relatorios e paneis de debate falarase da lexislación laboral que afecta directamente á investigación e á carreira investigadora, do sistema de ciencia español, de igualdade neste sector, de divulgación científica e de saúde mental. Todos eles temas de moita relevancia para o persoal de todo os chanzos da carreira investigadora.

A participación nestas xornadas é gratuíta. As persoas matriculadas nun programa de douto-

ramento poderán inscribirse desde a súa secretaría virtual, mentres que o resto de interesadas deberán facer a matrícula mediante o formulario externo que ofrecerá a organización.

J-CLI IV XORNADAS DE CULTURA LABORAL EN INVESTIGACIÓN 2025
Edificio CEA, Finca Vista Alegre, Campus Norte - USC

Ciencia con dereitos: resistencia fronte á barbarie

22 de Outubro

- 10h Acto de benvida
- 10:20h Cómo entender a túa nómina
- 11h Par confirmar
- 12h World café: saídas ao rematar a tese
- 13h Novo Pacto pola Ciencia

23 de Outubro

- 9h Dereitos Laborais
- 10h A educación universitaria en Palestina
- 11h Café
- 12h Confianza en acción: Superando o síndrome da impostora
- 13h Palestra divulgativa sorpresa

Inscrición: @JornadasCLI t.me/JornadasJCLI www.j-cli.com

*se és doutoranda na USC debes matricularte na secretaría virtual

Organiza: AIC, Investigal, USC, Escola de Doutoramento Internacional

Cofinancia: USC, USC

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Workshop online sobre as Synergy Grant

A Academia Joven de España organiza o próximo ERC *Workshop: Synergy Grant*, que se celebrará o 22 de outubro

Este taller estará centrado nas Synergy Grant do Consello Europeo de Investigación (ERC) e incluírá a presentación dun caso de éxito na solicitude destas axudas, no que se compartirá a experiencia práctica do proceso. Posteriormente, haberá un espazo de preguntas para que os asistentes poidan resolver as súas dúbidas directamente.

As persoas que se inscriban recibirán posteriormente a ligazón de conexión para asistir ao evento ás 12:00h CET. O prazo de inscrición pechará o venres 17 de outubro.

Máis información [na seguinte ligazón](#).

EDIUS **NOVAS**

O CiMUS recibe a acreditación como Unidade de Excelencia María de Maeztu

O Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades concedeu ao Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas da USC o recoñecemento como Unidade de Excelencia María de Maeztu. Esta acreditación concédeala o Ministerio nunha convocatoria, a de 2024, que repartiu 75,7 millóns de euros para recoñecer e financiar nove centros e oito unidades de excelencia que “destacan polo seu impacto científico e liderado internacional”.

O CiMUS uniríase deste xeito ao Instituto Galego de Física de Altas

Enerxías (IGFAE), que revalidou esta concesión na convocatoria de 2023. O selo como Unidade María de Maeztu supón unha achega para o CiMUS de 3 millóns de euros para un período de catro anos. Como sinala a resolución ministerial, a convocatoria “permite fortalecer a organización, a planificación estratéxica da investigación e o fomento das boas prácticas na xestión da investigación”. Igualmente, persegue “o incremento da visibilidade dos centros e unidades de excelencia, a internacionalización, así como a atracción e contratación de talento investigador novo”.

 [Ir ao sumario](#)

«O experimentador que non sabe o que está a buscar non comprenderá o que atopa»

Claude Bernard

nEDIUS

Editada por Escola de Doutoramento
Internacional da USC (EDIUS),
Santiago de Compostela

Coordinación:
Miguel Túñez

Revisión lingüística:
Gisella Costas López
*PD Estudos da Literatura
e da Cultura*

Copy:
Clara Castilla

Deseño:
nudobrands

Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS)

881814360 / 14361
edius@usc.es

Casa dos Catedráticos. Av. das Ciencias, 6
15782 Santiago de Compostela

Depósito Legal: C 1550-2020
ISSN 2792-6079



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

*Actividade financiada polo Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura,
Educación e a USC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i.*